



PENA CORNEIRA

Club de Montaña O Carroucho

9 de Xuño de 2012

Na comarca do Ribeiro na provincia de Ourense, temos unha rede de camiños que atravesa os municipios de O Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro. Discorre na súa maior parte seguindo os ríos Arenteiro e Avía onde atopamos paisaxes singulares formadas polos canóns que escavaron nas rochas co paso do tempo. A abundante vexetación formada por carballos, castiñeiros e piñeirais oculta en moitos casos o que foron antigos viñedos. É precisamente o cultivo da vide o que configura gran parte da paisaxe e a economía desta comarca do Ribeiro.

Datos Básicos	
Comezo:	Ponterrizza
Remate:	Pena Corneira
Distancia lineal:	22 km.
Duración aproximada:	7 horas
Dificultade:	Media-Alta
Altura máxima:	658 m
Altura mínima:	100 m
Acumul.:	↗1047 m / ↘800 m

Pazos de Arenteiro, conxunto histórico artístico, é un pequeno pobo entre os ríos Avía e Arenteiro que gozou da protección dos cabaleiros da Orde de Malta. Igrexa románica, pontes medievais, casas señoriais e a súa recuperación como núcleo de turismo rural, convérteno nun destino turístico de nivel.

Saimos pola ponte que cruza o río Avía (PRG-76). Unha escaleira de pedra entre viñedos deixa atrás este encantador núcleo rural e medieval. O camiño a media aba ata Lebosende pasa pola aldea abandonada de Viñoá e as ruínas dunha antiga adega chamada "Adega do Conde".



A arquitectura destes municipios reúne unha gran cantidade de pazos, casas grandes, adegas, pontes, igrexas, capelas, cabaceiros e cruceiros moitos dos cales se sitúan no trazado destas sendas e fan o seu percorrido máis atractivo aínda.

Unha ponte medieval e un cruceiro con gravados de serpes marcan o inicio de ruta na Ponterrizza polo PRG-79. Imos en dirección á aldea de Moldes, onde se atopa a igrexa románica de San Mamede, monumento nacional inmerso nun romántico contorno marcado por castiñeiros de gran tamaño e un antigo cemiterio. Cruzamos de novo o río Arenteiro pola ponte medieval de Castro Cavadoso. Sóbese cara á aldea de Cabanelas coa súa igrexa, pazos e casas blasonadas, para descender logo cara a Pazos de Arenteiro. Antes de entrar na vila, desviarémonos ao "Pozo dos Fumes" onde o río parece volatilizarse entre as rochas.



En Lebosende pasamos a carón da súa igrexa de orixe románica. Aquí, o camiño xúntase co sendeiro de Pena Corneira que ven de Leiro (PRG-78).

Chegamos a Paredes onde se atopa a área etnográfica do "Regato do Foxo" formada por 6 muíños e 30 cabaceiros.

Encamiñámonos cara a Pena Corneira, a través dunha singular paisaxe formada por carba-

llos, castiñeiros e os espectaculares "bolos" de granito, nos que se practica unha modalidade de escalada chamada *búlder*. Xa en Pena Corneira tomamos unha derivación da senda que nos sube ao miradoiro do Outeiral, onde está o vértice xeodésico, con moi boas vistas sobre a comarca. Retomamos a senda e rematamos a ruta na área recreativa a carón da igrexa románica de Lamas.



© OCB Design

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Próxima cita:
30 Xuño
Churrascada



O Carroucho
www.carroucho.org

